

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 27-07-2023, ditou a resolución con número 2034/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal coa categoría profesional de Traballador/a social do concello de Carballo.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución de Alcaldía núm. 3027/2022 de data 07 de outubro de 2022, aprobáronse as Bases e convocatoria para a selección de persoal para a confección da listaxe de substitucións coa categoría profesional de traballador/a social. A dita convocatoria foi publicada no BOP núm. 195 de 14/10/22.

Segundo.- Por resolución da alcaldía núm. 3274/2022, do 02/11/2022, aprobouse a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no devandito proceso, e procedeu á designación do Tribunal, e á fixación da data do primeiro exercicio do proceso, correspondente a fase de oposición, que tivo lugar o día 11/11/2022.

Terceiro.- Con data 12 de xullo de 2023, reunido o Tribunal cualificador do proceso selectivo, na súa acta núm. 6 e última, resoltas as reclamacións contra os resultados provisionais da valoración de méritos que se teñen presentado, eleva a definitivos os resultados da fase de concurso, que segundo o previsto na Base 7.4 se adicionarán aos resultados da fase de oposición, determinando a cualificación final dos aspirantes, por orde de puntuación.

Con data 13 de xullo de 2023 publicouse, no Taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web municipal (www.carballo.gal) a cualificación final dos aspirantes por orde de puntuación, resultado das obtidas na fase de oposición e na fase de concurso (que comprende a táboa que se transcribe deseguido).

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	FASE CONCURS O	Exercicio 1º	Exercicio 2º	PUNTUACIÓN TOTAL
1	DOVAL ALVAREZ	NATALIA	***6328**	10	7,75	15,79	33,54
2	GONZALEZ FAFIAN	IRIA	***5894**	10	8	13,83	31,83
3	ANTIQUEIRA PEREZ	BEATRIZ	***7587**	10	8	12,96	30,96
4	RIVAS NOGUEIRA	GRACIELA	***4646**	9,9	8,75	11,93	30,58
5	CAAMAÑO REY	MARIA CARMEN	***6448**	10	6,75	13,17	29,92
6	MOREIRA MIRANDA	MARIA AZUCENA	***2900**	9,6	8	11,76	29,36
7	LOPEZ VILLAR	LORENA	***0389**	10	7,75	11,27	29,02
8	SANTOS DIAZ	CRISTINA	***7517**	9	7,5	11,97	28,47
9	MARTINEZ LAGO	PATRICIA	***2022**	8,9	6,75	12,08	27,73
10	OTERO VAAMONDE	MARIA JOSE	***3808**	10	7,5	10,01	27,51
11	RODRIGUEZ RAMA	DIANA	***3081**	6,91	9	10,98	26,89
12	PENIN GESTAL	ANA	***0387**	8,7	8	10,11	26,81
13	PALACIOS PEREZ	SARA MARIA	***7700**	7	8,25	10,03	25,28
14	CABANA GONZALEZ	OSCAR	***0197**	6,23	7,75	11,22	25,20
15	NAVARRETE ALARCON	VERONICA RITA	***8955**	4,8	9	11,10	24,90
16	HERNANDEZ MOURIÑO	ANDRES BIEITO	***8512**	3	7,25	12,46	22,71
17	HERNANDO MARTINEZ	PAULA	***8963**	4,48	7,5	10,52	22,50
18	VEGA VAZQUEZ	BEATRIZ	***0256**	3	7,25	10,01	20,26

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	FASE CONCURS O	Exercicio 1º	Exercicio 2º	PUNTUACIÓN TOTAL
19	FERREIRO CANCELA	DIEGO	***2922**	0,52	8,25	11,05	19,82
20	OCAMPO GONZALEZ	ROSA MARIA	***7260**	1,13	7,25	10,76	19,14
21	GANTES CABAÑO	LAURA	***0986**	0	7,5	10,04	17,54

Á vista das actuacións anteriores e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a creación dunha listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal coa categoría de **Traballador/a social**, segundo a proposta do Órgano de Selección deste proceso selectivo.

Integrarán a mencionada lista de substitucións os/as aspirantes incluídos/as na proposta de listaxe de substitucións elevada polo Tribunal a esta Alcaldía, segundo a Acta núm. 6 e final do 13 de xullo de 2023 (Base 7.4 da convocatoria).

Listaxe de substitucións para a provisión interina ou temporal coa categoría profesional de Traballador/a social do concello de Carballo.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	FASE CONCURS O	Exercicio 1º	Exercicio 2º	PUNTUACIÓN TOTAL
1	DOVAL ALVAREZ	NATALIA	***6328**	10	7,75	15,79	33,54
2	GONZALEZ FAFIAN	IRIA	***5894**	10	8	13,83	31,83
3	ANTIQUERA PEREZ	BEATRIZ	***7587**	10	8	12,96	30,96
4	RIVAS NOGUEIRA	GRACIELA	***4646**	9,9	8,75	11,93	30,58
5	CAAMAÑO REY	MARIA CARMEN	***6448**	10	6,75	13,17	29,92
6	MOREIRA MIRANDA	MARIA AZUCENA	***2900**	9,6	8	11,76	29,36
7	LOPEZ VILLAR	LORENA	***0389**	10	7,75	11,27	29,02
8	SANTOS DIAZ	CRISTINA	***7517**	9	7,5	11,97	28,47
9	MARTINEZ LAGO	PATRICIA	***2022**	8,9	6,75	12,08	27,73
10	OTERO VAAMONDE	MARIA JOSE	***3808**	10	7,5	10,01	27,51
11	RODRIGUEZ RAMA	DIANA	***3081**	6,91	9	10,98	26,89
12	PENIN GESTAL	ANA	***0387**	8,7	8	10,11	26,81
13	PALACIOS PEREZ	SARA MARIA	***7700**	7	8,25	10,03	25,28
14	CABANA GONZALEZ	OSCAR	***0197**	6,23	7,75	11,22	25,20
15	NAVARRETE ALARCON	VERONICA RITA	***8955**	4,8	9	11,10	24,90
16	HERNANDEZ MOURIÑO	ANDRES BIEITO	***8512**	3	7,25	12,46	22,71
17	HERNANDO MARTINEZ	PAULA	***8963**	4,48	7,5	10,52	22,50
18	VEGA VAZQUEZ	BEATRIZ	***0256**	3	7,25	10,01	20,26
19	FERREIRO CANCELA	DIEGO	***2922**	0,52	8,25	11,05	19,82
20	OCAMPO GONZALEZ	ROSA MARIA	***7260**	1,13	7,25	10,76	19,14
21	GANTES CABAÑO	LAURA	***0986**	0	7,5	10,04	17,54

Segundo.- A referida listaxe terá carácter rotatorio e rexeráse polo previsto na Base 8ª das bases reguladoras desta convocatoria aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 3027/2022 de data 07 de outubro de 2022, (BOP núm. 195 de 14/10/22) que establece o seguinte:

"OITAVA.- XESTIÓN DO DA LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN.

Desenvolvemento dos chamamentos.

O nomeamento/contratación dos/as aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas, entre as 8.00 horas e as 15.00 horas.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os interesados son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.

O/a empregado/a público/a que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.

Os/as aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento/contratación renuncien dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

Causas de exclusión/ rexeitamento xustificadas

Serán causas/situacións de rexeitamento xustificadas as seguintes:

- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.*
- Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.*
- Estar en situación de servizo activo en calquera Administración Pública ou entidade integrante do sector público, ou ter sido seleccionado/nomeado e atoparse en prazo de toma de posesión ou contratación para acadar a dita situación*
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación*
- Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.*
- Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar."*

Terceiro.- Publíquese a presente Resolución no Taboleiro de anuncios do Concello a efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o alcalde do concello de Carballo, no prazo dun mes (contado dende ao día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso -administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000014
Exp. 2023/G003/002126

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto